IES CANIDO
Rúa Navegantes, s/n
15401 FERROL (A Coruña)
CIF: Q-6555268-I
Tfno: 881.938.230Fax: 881.938.252

e-mail: ies.canido@edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Xeografía e Historia reuniuse de maneira telemática o día 6 de maio de 2020 e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

MATERIA E CURSO:	**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO 1º BACH**
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE *(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)*	
1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. 1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. 1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. 1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime. 1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. 1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. 1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. 1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. 1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. 1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. 1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen	

IES CANIDO
Rúa Navegantes, s/n
15401 FERROL (A Coruña)
CIF: Q-6555268-I
Tfno: 881.938.230Fax: 881.938.252

e-mail: ies.canido@edu.xunta.es

1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.

2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.
2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.
2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais
2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.
2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.
2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.
2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.
2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.
2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.
2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.
2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas
2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.
2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX
3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.
3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.
3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.
3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias.
3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848
3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.
3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.
4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.

4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.
4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.
4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.
4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.
4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.
4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.
4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.
4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.
4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.

COMPETENCIAS BÁSICAS

(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)

Todos os estándares referenciados no apartado anterior vincúlanse coas competencias seguintes: CCL, CSC , CMCT. e CCEC.
A maiores, e debido a metodoloxía de traballo desde o inicio do confinamento, o alumnado ter que acadar tamén outras competencias clave como CD, CAA e CSIEE

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

PRESENCIAL[1]:	
TELEMÁTICA:	Na 3º avaliación estanse a realizar actividades escritas de caracter teórico-práctico de forma telemática.. O docente mantense en contacto con todo o alumnado a través da Whasap e o correo electrónico

1 No caso de que a situación sanitaria permita a realización de probas presenciais.

IES CANIDO
Rúa Navegantes, s/n
15401 FERROL (A Coruña)
CIF: Q-6555268-I
Tfno: 881.938.230Fax: 881.938.252

e-mail: ies.canido@edu.xunta.es

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

(Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)

A nota final obterase da seguinte maneira:

1ª Avaliación 50%

2ª Avaliación 50%

3º Avaliación: As actividades realizadas telemáticamente valoraranse ata 2 pts

A recuperación da 1ª e 2ª avaliación realizarase mediante traballos presentados telematicamente.

IES CANIDO
Rúa Navegantes, s/n
15401 FERROL (A Coruña)
CIF: Q-6555268-I
Tfno: 881.938.230Fax: 881.938.252

e-mail: ies.canido@edu.xunta.es

ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

MATERIA E CURSO:	**NON EXISTE ALUMNADO NESTA SITUACIÓN**
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN *(No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.)*	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
DATAS	

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE
A adaptación da programación didáctica 2019/2020 será publicada na web do centro

En Ferrol, a 6 de maio de 2020

Xefe/a do Departamento

Ángel Gutiérrez de Salvador